

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 14/12/2017.**

**Concelleiros presentes:**

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín  
D. Manuel Romero Castrillón  
D<sup>a</sup> María Belén Trigo Meizoso  
D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Pazos.

**Concelleiros ausentes:**

D<sup>a</sup> Cristina Calvo Tuimil.

**Secretaria en funcións:**

D<sup>a</sup> Mónica Cibreiro Caneiro.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil dezasete, comparecen os Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza da devandita Secretaria en funcións, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Dase conta das actas das dúas últimas sesións, unha ordinaria celebrada o once de novembro de dous mil dezasete, e outra extraordinaria celebrada o día dous de decembro de dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non ténndoas, sométese seguidamente a votación e aprobación das mesmas, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa probación ás mesmas.

**SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA CRISTINA CALVO TUIMIL.**

Non estando presente a Concelleira electa, que foi convocada para a presente sesión, non resulta posible a súa toma de posesión, que se incluírá tamén na Orde do Día da vindeira sesión plenaria que se celebre, polo que o Sr. Alcalde ordea pasar ó debate do seguinte punto da Orde do Día, o que seguidamente se fai.

### TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS AO POS+ 2018.

Dase conta polo Sr. Soto, no que di que traen unha proposta de acordo para participar na financiación do POS+ para o ano 2018, donde queren levar a cabo una serie de investimentos e sufragar unha serie de gastos correntes de servizos públicos básicos, que se prestan anualmente neste Concello.

A proposta vai cunha achega provincial para axudar a financiar eses correntes de 200.295,64€, e unha achega para financiamento de investimentos próxima a 240.000€.

O proxecto que se vai a financiar, é unha obra de mellora do pavimento da Avda. Marques de Figueroa, trátase dunha segunda fase, que é o aglomerado de toda a vía e reposición de aceras dende o colexio ata o Campo da Feira, é unha obra que achégase a 240.000€.

Tamén compre aprobar un plan complementario ó que obrigan as bases do POS, que ten que alcanzar como o mínimo o 20% da participación total do Concello no financiamento dese POS, traen duas obras para ese plan complementario que sería a obra de “Urbanización do entorno do Convento do Rosario” cun proxecto de 90.307,95€, e a obra de “Mellora da iluminación nas instalacións deportivas” no pavillón polideportivo e no campo de fútbol de Corrás por un importe de 42.533,42€. Dese xeito o plan complementario alcanza unha cantidade de total de 132.841,37€, que supón máis ou menos o 20% do total da cantidade consignada para San Sadurniño no Plan de Obras e Servizos da Deputación.

O Sr. Romero comenta que están de acordo que esas obras son necesarias, pero non o están en relación á cantidade de cartos que van para a conta de gasto corrente.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación por maioría de oito votos favorables, sete do BNG e un do PSOE, e doas abstencións do PP, apróbase o acordo relativo ao POS+ 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretaria Accidental certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA EN FUNCIONS,

